

MEMORIA DA DEVESA DE ESCAIRÓN

INTERESE ECOLÓXICO .

O conxunto da masa arbórea ocupa unha hectárea da extensa zona verde do casco urbano da vila, ampliada hai uns anos con cerca doutra hectárea , na que se plantaron arredor de 30 carballos para paliar os efectos do ciclón Hortensia, concretados na perda de 15 exemplares .

O núcleo primitivo da Devesa está formado por cerca de un centenar de carballos , todos de gran porte, a maioría supera os tres séculos de vida , e algúns castiñeiros . Moitos carballos superan os 25 metros de altura e os 3 metros de perímetro .

Cómpre subliñar , por outra parte , a ledicia que supón escoitar as noites do verán a presenza na Devesa do moucho e da curuxa .

INTERESE HISTÓRICO E SOCIOCULTURAL .

A Devesa foi adquirida en 1910 , grazas á mediación de Don Juan Lopez Suarez (Xan de Forcados) , completando así o principal monumento da vila : a súa envexable zona verde , que abrangue a Lama de Mondavide, o carrascal , o vello campo da feira , o lavadoiro da vila , e o antigo campo de fútbol ; conformando un conxunto duhas seis hectáreas .

Desde a súa compra a Devesa converteuse nun lugar de recreo e o domingo das festas patronais de setembro acollía a centos de merendas de todas as parroquias do Saviñao e dos concellos veciños . Unha tradición perdida que intentamos recuperar agora .

Na posguerra civil moitos enfermos de tuberculose de toda Galicia pasaban unha temporada na vila para respirar os aires puros da Devesa .

A beleza da Devesa foi cantada polo poeta Manuel Maria , e tamén se ocuparon dela Luis Moure Mariño , Armando Losada e Antonio Rodriguez López . Á sombra dos seus carballos, , o historiador e socialista Antonio Ramos Oliveira e o escritor e falanxista Luis Moure Mariño discutían respetuosamente a pesar das súas distantes posturas ideolóxicas .

Un estudo recente (1990) de Luisa Castro Cerceda , directora de Ciencias Biolóxicas da Sociedade Galega de Historia Natural , proporciona os argumentos para a solicitude dunha forma de protección institucional para a Devesa . (Posuímos o seu informe).

Actualmente é un lugar de ocio tanto para os vellos , os mozos e os nenos, un lugar idóneo para os amoríos dos adolescentes , e un lugar ideal para comer o polbo os días de feira (8 e 19 de cada mes) , sempre que o tempo o permita .

INTERESE TURISTICO .

A Devesa recibe innumerables visitas de galegos e non galegos , que quedan prendados do seu porte , tanto no verán como no inverno , tanto para protexerse da calor coma para gozar da súa beleza os días de neve ou de xeada. Sen dúbida , é un dos lugares máis visitado do concello , enclavado nas rutas da Ribeira Sacra .

A Devesa sufríu diversas agresións no último medio século : construción dunha pista polideportiva (hoxe eliminada), do grupo escolar e do centro de saúde , limitacion cara ó oeste e cara ó norte por senllas estradas , a apertura dun parque infantil, a recente ampliación dún edificio do vello grupo escolar e o xa mencionado ciclón Hortensia . Estas agresións significaron a perda duns 50 carballos e media ducia de bidueiros.

O estado actual da Devesa non é o desexable . Demanda , da autoridade municipal, a poda terapéutica das partes mortas e a protección do sistema radicular , agredido recentemente coa instalación dún sistema soterrado de iluminación , xa inutilizado .

Todo o exposto xustifica , ó noso entender , a decisión de solicitar as medidas pertinentes para a defensa e protección desta masa arbórea semiurbana .